XORÉ TEATRO

Presenta

FICHA TÉCNICA DA ACTUACIÓN

Teléfono contratación.: 661 582 721
info@xoreteatro.es
www.xoreteatro.es

Contido

1. A compañía
2. Obra
3. Xustificación da obra
4. Ficha artística
5. Carácterísticas técnicas

1. A compañía

A compañía **Xoré Teatro** créase en novembro de 2013, como culminación do traballo desenvolvido dende o ano 2008 na consultora Andamiaxe Innova, S.L. (empresa que representa a compañía) en temas relacionados coa intervención educativa e social con diferentes colectivos. Durante este tempo leváronse a cabo actividades formativas teatrais orientadas a potenciar os procesos de ensinanza/aprendizaxe. A experiencia neste ámbito e a capacitación profesional, leváronnos a apostar polo teatro para a elaborar e difundir mensaxes educativas como mecanismo para a transformación persoal e social.

O noso obxectivo é facer un teatro accesible para todas as persoas, apostamos por un enfoque pedagóxico e de crítica social.

Creamos, producimos e distribuímos as nosas obras co obxecto de garantir a súa esencia educativa até a representación final.

As nosas creacións escénicas son as seguintes:
"O Segredo de Uxía" (2014)
"Pensamentos de Flor" (2014)
"Pementeiras" (2015)
"Ás tres con Puri" (2016)
"O soño dos contos (2016)

2. A obra

Título da obra: "Pementeiras"

Nome artístico da compañía: Xoré Teatro

Denominación da empresa que representa á compañía:
Andamiaxe Innova, s.l.

Contacto:
Email: info@xoreteatro.es
Web: www.xoreteatro.es
Páxina de Facebook: https://www.facebook.com/xore.teatro
Enderezo: Rúa Estación, 26 – 1° - 15900 Padrón (A Coruña)

3. Xustificación da obra

Pementeiras, un proxecto pedagóxico teatral que ten como obxecto potenciar a igualdade a través do empoderamento feminino.

A historia está contextualizada e inspirada no traballo das mulleres pementeiras de Herbón (Padrón – A Coruña) que desempeñan un papel fundamental no referente o traballo de producción e distribución deste produto, e aínda así, existe unha brecha na representación a nivel da valoración do seu traballo que, na maioría da veces, é un complemento do traballo do home, que soe ocupar a primeira fonte de ingresos do fogar.

Durante a obra ponse en escena a situación das mulleres pementeiras, podéndose extrapolar o resto de mulleres da nosa xeografía galega que traballan en explotacións agrarias ou gandeiras similares (leite, queixo, hortalizas...), para axudarlles a recoñecer o seu labor e deste xeito conseguir que sexa máis valorado pola sociedade e o por elas mesmas.

A obra argumentase en tres ámbitos fundamentais que amosan esa falta de empoderamento.

- Traballo: Polo xeral, as mulleres que traballan na agricultura ou gandería o seu traballo soe ser pouco valorado, mentres que levan a cabo a maioría do traballo do fogar, coidado de familiares, fillos, fillas e demais membros da familia nuclear. En moitas casas as mulleres teñen que compartir os seus ingresos e contar aos seus maridos canto gañaron; mentres que na maioría das veces non se aplica o mesmo aos homes.

- Ingresos: As mulleres teñen influencia no control dos cartos xa que a labor de venta que fan nas prazas e mercados axúdalles a ter esta posición, pero na realidade son os homes os que o controlan cando hai que tomar a decisión de facer unha compra importante.

- Toma de decisións: Os homes tenden a dominar toma de decisións tanto no fogar como nas organizacións que se establecen nas aldeas.

Para rematar con estas trabas, propoñemos servinos da utilización de novas fórmulas organizativas e sostibles que se adapten ás especificidades territoriais e sociais e dinamicen o territorio rural. Así pois, pensamos que a creación de cooperativas agrarias e gandeiras, pola súa proximidade social e influenza económica nas zonas rurais amósanse como un modelo apto para ofrecer solucións eficaces neste senso.

A obra narra a historia de dúas amigas que teñen un pensamento moi diferente da realidade social na que están inmersas. Sofía, unha muller nova, que ten grandes inquietudes e ganas de loitar polo seu recoñecemento persoal e profesional anímase a participar en calquera proxecto que mellore a súa situación actual. Por outro lado, Dosinda, unha muller tradicional arraigada aos valores do patriarcado non amosa ningún interese en mellorar a súa situación social e familiar, xa que para ela as cousas sempre foron así e non deberían cambiar.

Durante o desenvolvemento da obra, Sofía faille ver a Dosinda a situación na que se atopa e axúdalle a iniciar un proceso de reflexión persoal que lle deparará grandes cambios, tanto no ámbito familiar como laboral.

4. Ficha artística

Reparto:

Ana Domínguez Chouza
Rebeca Oliveira García

Música e son:

B2vestudio

Vestiario:

Dolores Chouza Chouza

Autor e director:

Ramón Torrente García

5. Características técnicas

Duración: 50 minutos aprox.
Público: a partir de 12 anos.
Dimensións do espazo escénico:

- Ancho: mínimo 5 metros.
- Fondo: mínimo 3 metros.
- Alto: mínimo 2,80 metros.

Adaptable a calquera espazo escénico

Potencia eléctrica: Toma de corriente 9.000 W. (mínimo) / 380 V.
Tempo de montaxe: 6 horas
Tempo de desmontaxe: 2 horas